



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

DECRETO 182/2009.

CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

En virtude do disposto nos artigos 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, 41.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais, en consonancia co artigo 210.2.a) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia **RESOLVO CONVOCAR** Sesión deste Concello en Pleno Extraordinario a celebrar na Casa da Cultura do Concello, na hora e data indicados e con suxeición a Orde do Día que se indica.

Clase de Sesión.....	EXTRAORDINARIA
Data da Sesión:.....	19 de xuño de 2009
Hora de celebración en primeira convocatoria:.....	8:30 horas
<i>(a mesma hora, dous días despois en segunda convocatoria)</i>	

ORDE DO DÍA

1. **APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO TC 01/2009.**
2. **APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO SC 01/2009.**
3. **APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO CE 02/2009**

Notifíquese esta Resolución ós Señores Concelleiros e publíquese no Taboleiro de Anuncios de este Concello. A partir desta data teñen a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello.

En MESÍA, a 16 de xuño de 2009.

O alcalde,

D. Mariano Iglesias Castro.

Ante min,

O secretario - interventor,

D Eladio Bendaña Pardo.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 19 DE XUÑO DE 2009.

ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE

D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE

D^a Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE

D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE

D. Severino Álvarez Monteserín. PP

D^a María José Quindimil Suárez. PP

D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG

D. Manoel Bello Salvado. BNG

Non asisten e se excusan:

D. Adolfo Grobas Vázquez PP

D. José Fernando García Lesta PSdeG – PSOE

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 19 de xuño de 2009, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa da Cultura, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. **APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO TC 01/2009.**

O sr. Alcalde comeza dicindo que os dous primeiros puntos da orde do día van referidos, no fondo, á mesma finalidade, que é a facer as pertinentes modificacións orzamentarias para dotar crédito na correspondente partida e pagar a cantidade de 89.964,52 euros adeudada a TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS, S.L. en cumprimento da sentenza 00647/2008, de 25 de setembro, da Sección Segunda da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O Secretario fai lectura da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DE PRESIDENCIA Ó PLENO DO CONCELLO

Incoado por orde desta Presidencia expediente de modificación de crédito (referencia Transferencia de Crédito 01/2009), de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e visto o informe de Intervención, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Primeiro.- *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito TC 01/2009, polo que se transfere crédito da partida orzamentaria 5.60 á partida 4.60 por importe de 26.023,97 euros, para atender a cantidade adeudada a TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS, S.L. en cumprimento da sentenza 00647/2008, de 25 de setembro, da Sección Segunda da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pola que se desestima o recurso de apelación nº 4122/2007 interposto por este Concello contra a sentenza ditada en data 1/12/2006 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 4 de A Coruña no procedemento ordinario nº 23/2005.*

Segundo.- *Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 179, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Se no se presentasen reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado.*

Mesía, 15 de xuño de 2009. O ALCALDE. Asdo. Mariano Iglesias Castro."

O Sr. Alcalde pásalle a palabra ós distintos grupos políticos, manifestando o Sr. Pedreira Candal que o noso grupo vai votar a favor porque non queremos que o Concello desatenda as súas obrigas, pero tamén quero facerlle unhas preguntas ó Sr. Alcalde: se isto ven dun procedemento ordinario do ano 2005, ¿porqué se demorou o Concello en atender estas obrigas? ¿cánto hai de intereses na cantidade adeudada?.

De seguido toma a palabra o Sr. Álvarez Monteserín, quen manifesta que o seu grupo tamén está a favor, pero que lle gustaría coñecer o que resposta o Sr. Alcalde ás preguntas do Sr. Pedreira en relación co asunto para ver si quedan satisfeitas as súas dúbidas, xa que van no mesmo sentido.

Resposta o Sr. Alcalde que as cantidades obxecto de litixio foron aprobadas en data 22 de xuño de 2003 por un goberno en funcións. Se nos presentaron unhas facturas e advertimos erros e defectos nas mesmas que consideramos graves, e así facémolo saber ó gabinete xurídico da Deputación da Coruña, que tamén ve anomalías e indicios de nulidade de pleno dereito, xa que non consta a selección do empresario nin documento contractual algún, entre outras cuestións. Este tema o defenderon os servizos xurídicos da Deputación e ó final imperou a doutrina do enriquecemento inxusto, pero é significativo que o director de obra sexa parte interesada na empresa. En todo caso, nos acatamos a sentenza escrupulosamente e nos vanagloriamos da situación das arcas municipais e de que, debido á situación que temos, podamos facer fronte a este pago sen acudir ó endebedamento.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos membros presentes.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

2. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO SC 01/2009.

O secretario fai lectura da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DE PRESIDENCIA Ó PLENO DO CONCELLO

Incoado por orde desta Presidencia expediente de modificación de crédito (referencia Suplemento de Crédito 01/2009), de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e visto o informe de Intervención, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Primeiro.- *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito SC 01/2009, polo que se suplementará crédito na partida orzamentaria 4.60 por importe de 56.788,11 euros, para atender o pago da cantidade de 89.964,52 euros, cantidade adeudada a TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS, S.L. en cumprimento da sentenza 00647/2008, de 25 de setembro, da Sección Segunda da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pola que se desestima o recurso de apelación nº 4122/2007 interposto por este Concello contra a sentenza ditada en data 1/12/2006 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 4 de A Coruña no procedemento ordinario nº 23/2005.*

Segundo.- *Financialo suplemento de crédito con cargo o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xenerais.*

Terceiro.- *Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Se no se presentasen reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado.*

Mesía, 16 de xuño de 2009. O ALCALDE Asdo. Mariano Iglesias Castro.”

Non habendo intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos membros presentes.

3. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO CE 02/2009.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que fai quince días firmei un convenio coa Deputación da Coruña polo que nos financia 340.000,00 euros das obras incluídas no proxecto de instalación terreo de xogo de herba artificial no campo de fútbol de Visantoña, que ascenden 409.848,50 euros, sendo de achega municipal o importe restante. Xa que este convenio non estaba firmado no momento de elaboración do



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

orçamento, é polo que se fai necesario o crédito extraordinario que se propón para facer fronte á achega municipal.

O secretario fai lectura da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DO CONCELLO

Incoado por orde desta Alcaldía expediente de modificación de crédito (referencia Crédito Extraordinario 01/2009), de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e visto informe de Intervención.

Visto o Orzamento do Concello de Mesía para o ano 2009.

Tendo en conta a inexistencia de crédito destinado á realización de gastos que non se poden demorar ata o exercicio seguinte, esta Alcaldía somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Primeiro.- *Aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito, crédito extraordinario CE 02/2009, no orzamento do Concello de Mesía para o ano 2009, na partida 4.60 por importe de 69.848,50 euros, para facer fronte á achega municipal para a financiación das obras incluídas no proxecto de instalación terreo de xogo de herba artificial no campo de fútbol de Visantoña*

Segundo.- *O expediente administrativo de modificación de crédito CE 02/2009 financiarase integramente con parte do remanente líquido de tesourería destinado a gastos xenerais.*

Terceiro.- *Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Se no se presentasen reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado.*

En Mesía, 16 de xuño de 2009. O ALCALDE, Asdo.- Mariano Iglesias Castro.

O Sr. Alcalde pásalle a palabra ós distintos grupos políticos, manifestando o Sr. Pedreira Candal que o noso grupo vai votar a favor porque nos parece ben que se dote de infraestruturas ó Concello, pero tamén quero facerlle unhas preguntas ó Sr. Alcalde: ¿di algo o convenio acerca de a quen lle corresponde o mantemento do campo? ¿porqué non estaba previsto nos orzamentos?.

De seguido toma a palabra o Sr. Álvarez Monteserín, quen manifesta que o seu grupo vai votar a favor.

Resposta o Sr. Alcalde que o mantemento, como sucede no noventa e nove por cen destes casos, o mantemento corresponde ó Concello, e non se contemplou nos presupostos porque aínda que aprobamos o proxecto e había o desexo de facer a obra, non se firmara o



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

convenio, polo que facer unha previsión orzamentaria de setenta mil euros sen a certeza da firma do convenio condicionaríanos a execución do presuposto. É por isto polo que se estimou máis conveniente ter pechada primeiro a contabilidade.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos membros presentes.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as nove horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.